

13 Marzo, 2016 - 19:00 En marcha o operativo de rescate dun pescador desaparecido en Malpica (/gl/content/bolet%C3%ADn-informativo-das-

Actualidade

Inicio (/gl) / Actualidade (/gl/mapa) / Noticias (/gl/boletines)

/ Boletín Informativo das 09:00 horas ...

[Mapa de incidencias \(/gl/mapa\)](#)[Noticias \(/gl/boletines\)](#)[Eventos \(/gl/agenda\)](#)[Consellos \(/gl/de-interes\)](#)[O tempo \(/gl/el_tiempo\)](#)

Boletín Informativo das 09:00 horas do día 13/03/16

domingo, 13 Marzo, 2016 - 09:00

Noticias destacadas no período comprendido entre as 18:00 e as 08:00 horas

Unha persoa falecida e outras catro feridas tralo atropelo dun xabarin na A-8

Unha persoa perdeu a vida e outras catro quedaron feridas -unha dela de gravidade- despois de rexistrarse un accidente múltiple na A-8, no quilómetro 514, ao seu paso polo concello lucense de Ribadeo. Un particular alertou do acontecido ao CAE 112 Galicia minutos despois das 21:00 horas de onte. Segundo afirmou, o accidente produciuse tralo atropelo dun xabarin. No sinistro acabáronse vendo implicados catro vehículos. O persoal do 112 Galicia informou aos Bombeiros de Barreiros, a Urxencias Médicas, a Protección Civil de Barreiros, á Garda Civil de Tráfico e ao persoal de conservación da vía. Ademais, o 112 Galicia tamén puxo os feitos en coñecemento do GIPCE, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, que acabou enviando dous psicólogos ao punto do accidente.

Arden dous coches dentro dun garaxe en Salceda de Caselas

Dous vehículos arderon esta noite no interior do garaxe dun edificio do concello pontevedrés de Salceda de Caselas. Aconteceu na rúa de Lugo. Un particular alertou do suceso ás 2:30 horas desta madrugada, despois de decatarse de que saía fume do garaxe. O CAE 112 Galicia informou aos Bombeiros do Baixo Miño, que se desprazaron de inmediato ao punto. O persoal do CAE 112 Galicia tamén puxo os feitos en coñecemento de Urxencias Médicas e da Garda Civil. Finamente, arderon por completo dous vehículos. Ningún dos outros coches estacionados no garaxe sufriu danos. Tampouco houbo feridos. Segundo explicaron os Bombeiros, que continuaron durante horas arrefriando a zona, o lume podería ser intencionado.

